

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE XULLO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e quince minutos do día cinco de xullo do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro e a Sra. concelleira D.^a María Dolores Pan Lesta.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 28 de xuño de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 17 de xuño de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convoca, para a anualidade 2022, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). DOG núm. 124 do 30-06-2022.
- Anuncio núm. 2022/4048, da Deputación Provincial da Coruña -Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación-, de modificación da data de levantamento de actas previas á ocupación relativa á expropiación senda peonil en DP 1702, p.q. 0+970 ao 1+070. Pasarela sobre liña FF.CC. (Cambre) 2020.1110.0002.0 DP 1702. BOP núm. 126 do 05-07-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2022/C003/000008, POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA), CORRESPONDENTE Á OBRA “REPOSICIÓN E AMPLIACIÓN DE HIDRANTES DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO ESPÍRITU SANTO, CAMBRE. A CORUÑA”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: swWe/T3kmEN7nxuL/XOC), relativa á aprobación de expediente de contratación relativo á “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. de Espírito Santo. Cambre (A Coruña)”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data do 28 de abril de 2022, o Pleno Municipal aprobou o proxecto denominado “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. de Espírito Santo. Cambre (A Coruña)”, elaborado por dona Ana Adelina López López, enxeñeira de camiños, canles e portos (colexiada nº 34.305), cun orzamento base de licitación de 55.458,15 euros (IVE incluído).

Con data de 4 de maio de 2022 asínase a acta de replanteo.

Con data de 9 de maio de 2022 asinouse pola arquitecta técnica municipal informe urbanístico favorable á actuación:

“A actuación levarase a cabo sobre un solo municipal clasificado nas vixentes Normas subsidiarias de planeamento municipal (BOP 222, do 27 de setembro de 1994) como solo urbano industrial proveniente do solo apto para urbanizar industrial (SAU I1); este ámbito desenvolveuse a través do “Plan Parcial Espírito Santo” aprobado definitivamente o 07/10/1992, modificado con data 17/11/1998. O proxecto cumpre coas determinacións urbanísticas de aplicación. En base o exposto, dado que os traballos realizaranse sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, e que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal; dende o punto de vista urbanístico, considerase viable”.

Con data do 22 de xuño de 2022 asinouse polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos, o informe técnico de necesidade.

Con data de 4 de maio asínase acta de replanteo pola redactora do proxecto e polo enxeñeiro de camiños municipal.

Consta documento de retención de crédito asinado polo Interventor Municipal con data 17 de xuño de 2022 respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 690.61900 “Outras inversións reposición outras infraestruturas”, por importe de 55.458,15 euros.

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP.

Consta o informe proposta emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e o interventor municipal de data 30 de xuño de 2022.

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato correspondente á obra de “*Reposición y ampliación de hidrantes de protección contra incendios en el Polígono Industrial del Espíritu Santo, Cambre. A Coruña*”.

Con este proxecto preténdese a “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. de Espírito Santo”. Trátase de levar a cabo unha mellora na infraestrutura existente no Polígono Industrial do Espírito Santo, consistente na necesidade de mellorar e renovar parte da rede de hidrantes porque empezan a presentar incidencias que merman as labores de mantemento e, polo tanto, a explotación do polígono. A finalidade é mellorar a dotación de hidrantes e substituír aqueles que se atopen en mal estado, así como mellorar a sinalización dos hidrantes do polígono mediante placas fotoluminiscente.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (“*o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) ... outros equipamentos da súa titularidade ...*”), polo que queda debidamente xustificada a necesidade da obra para cumprir cos fins institucionais; isto en cumprimento do establecido nos artigos 1, 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Da documentación obrante no expediente, queda debidamente acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, segundo require o artigo 28 da LCSP.

Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 99.3 LCSP, xustifícase no expediente a existencia de motivos válidos para non dividir en lotes o obxecto do contrato.

Isto, tendo en conta o informe técnico elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe da sección de obras e servizos, don Óscar Souto Muiño, con data do 23 de xuño de 2022.

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación número 2022/C003/000008, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se consta nel (CVD t35ZMCKILQtUWPuD1fVT), correspondente a:

- Obxecto do contrato: “*Reposición y ampliación de hidrantes de protección contra incendios en el Polígono Industrial del Espíritu Santo, Cambre. A Coruña*”.
- Orzamento base de licitación:
 - Base imponible: 45.833,18 €
 - IVA (21%): 9.624,97 €
 - Total: **55.458,15 €**
- Valor estimado:
 - Base imponible: 45.833,18 €
 - 10% (posibles modificaciones): 4.583,31 €
 - Total VALOR ESTIMADO: **50.416,49 €**
- Prazo de execución: 1 mes dende a firma da acta de comprobación do replanteo.

Isto, a teor do establecido nos artigos 131 ,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 690.61900 "Outras inversións reposición outras infraestruturas".

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Designar á técnica de xestión de administración xeral adscrita á área de secretaría e ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe da sección de servizos, integrantes da unidade técnica de asistencia prevista na cláusula 15.1 do PCAP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: swWe/T3kmEN7nxuL/XOC), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 23 ao 30 de xuño do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1157/2022 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico núm. 1201/2022, segundo se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|---|
| 1157/2022 | 23-06-2022 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 101.573,45 € |
| 1158/2022 | 23-06-2022 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de xuño de 2022 |
| 1159/2022 | 23-06-2022 | Aprobación inicial dos estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación do sector do solo urbanizable "N-VI" sita no Temple - Cambre. |
| 1160/2022 | 27-06-2022 | Reposición da legalidade urbanística pola instalación dun tendal na fachada dun edificio sito na rúa Tapia – O Temple. Interesado: M.A.L.I.M. |
| 1161/2022 | 27-06-2022 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento, por importe total de 30.574,46 euros |
| 1162/2022 | 27-06-2022 | Multas de tráfico - 99500000026081 Acordos de inicio |
| 1163/2022 | 27-06-2022 | Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de xuño de 2022 |
| 1164/2022 | 27-06-2022 | Multas de tráfico - 99500000026060 Resolución sancionadora |
| 1165/2022 | 27-06-2022 | Proposta de concesión, denegación e revogación de bonificacións da cota |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|---|
| | | da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa (2º trimestre 2022). |
| 1166/2022 | 27-06-2022 | Aprobación das bases reguladoras e convocatoria do proceso de selección para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de axentes de protección civil interinos |
| 1167/2022 | 28-06-2022 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 27.200,85€ |
| 1168/2022 | 28-06-2022 | Reposición da legalidade urbanística pola colocación dun tendal na fachada do edificio sito na rúa Tapia – O Temple. Interesados: M.A.P.V. e O.O.B. |
| 1169/2022 | 28-06-2022 | Reposición da legalidade urbanística pola instalación dun tendal na fachada de edificio sito na rúa Tapia – O Temple. Interesados: J.S.F.O. e D.L.P. |
| 1170/2022 | 28-06-2022 | Recoñecemento de obrigas a prol de Hebe Sport S.L., por importe de 20.792,19 euros en concepto de compensación polo desequilibrio económico relativo ao período de xaneiro a marzo de 2022 correspondente ao período de ampliación do contrato derivado tanto da redución de ingresos como do incremento dos gastos soportados a causa da situación da Covid-19 |
| 1171/2022 | 28-06-2022 | Concesión, denegación e revogación da bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (2º trimestre 2022) |
| 1172/2022 | 29-06-2022 | Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de maio de 2022 e da liquidación de diferenzas de cota do mes de outubro derivadas da aplicación retroactiva da Orde PCM/1353/2021 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xuño de 2022. |
| 1173/2022 | 29-06-2022 | Proposta devolución voluntaria parte importe subvención POS + AD1 para gastos sociais 2021 |
| 1174/2022 | 29-06-2022 | Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto |
| 1175/2022 | 29-06-2022 | Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a I.F.D.V. |
| 1176/2022 | 29-06-2022 | Adhesión á aplicación de xestión tributaria das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña que ten contratada a Deputación |
| 1177/2022 | 29-06-2022 | Concesión de licenza para a instalación de terraza durante o ano 2022 fronte á cervexaría La Central, sita na rúa Río Mandeo – A Barcala – Cambre |
| 1178/2022 | 29-06-2022 | Concesión de licenza para a instalación de terraza durante o ano 2022 fronte ao local Mesón Moncho, sito na rúa Río Brexa – A Barcala – Cambre |
| 1179/2022 | 29-06-2022 | Concesión de licenza para a instalación de terraza durante o ano 2022 fronte ao bar Matrioska, sito na rúa Río Brexa – A Barcala – Cambre |
| 1180/2022 | 29-06-2022 | Concesión de licenza para a instalación de terraza durante o ano 2022 fronte ao bar Luisela, sito na rúa Río Valiña – A Barcala – Cambre |
| 1181/2022 | 29-06-2022 | Concesión de licenza para a instalación de terraza durante o ano 2022 |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|--|
| | | fronte á Panadería e Degustación María Jesús, sita na rúa Temple – O Temple |
| 1182/2022 | 29-06-2022 | Reposición da legalidade urbanística pola execución dun muro de pedras sen axustarse a comunicación previa de obras en Socampo – Cambre. Propiedade: E.L.S. |
| 1183/2022 | 29-06-2022 | Autorización á Coordinadora dos Residentes de Enfermaría de Familia e Presidenta da Subcomisión de Enfermaría da UD Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria, para ocupación dun espazo público no paseo marítimo do Temple, o día 30 de xuño de 2022 |
| 1184/2022 | 30-06-2022 | Declaración de caducidade da licenza de construción de vivenda en Peirao – Bribes. Promotor: E.R.R. |
| 1185/2022 | 30-06-2022 | Declaración de caducidade da licenza de construción de vivenda unifamiliar en Xan Faba – Sigrás. Promotor: J.V.R. |
| 1186/2022 | 30-06-2022 | Caducidade da licenza de construción de dúas vivendas en Xan Faba – Anceis. Promotor: J.A.R. |
| 1187/2022 | 30-06-2022 | Concesión de licenza para a instalación de terraza durante o ano 2022 fronte ao café-bar Septiembre, sito na rúa Temple – O Temple |
| 1188/2022 | 30-06-2022 | Declaración de caducidade da licenza concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Prados Vellos – Cecebre. Promotor: R.C.G. |
| 1189/2022 | 30-06-2022 | Declaración de caducidade da licenza concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar en Seoane – Anceis. Promotor: F.F.F. |
| 1190/2022 | 30-06-2022 | Declaración de caducidade da licenza concedida para a construción de dúas vivendas en Xan Faba – Anceis. Promotor: Recuperaciones del Noroeste, S.L. |
| 1191/2022 | 30-06-2022 | Revogación da bonificación da auga por familia numerosa ou vivendas nas que convivan máis de 5 persoas – 2º trimestre 2022 |
| 1192/2022 | 30-06-2022 | Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.M.F. |
| 1193/2022 | 30-06-2022 | Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a C.G.G. |
| 1194/2022 | 30-06-2022 | Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.C.Z.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto |
| 1195/2022 | 30-06-2022 | Aprobación da adhesión do concello de Cambre ao programa PEL-CONCELLOS_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas na anualidade 2022 |
| 1196/2022 | 30-06-2022 | Licenza de edificación para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Igrexa – Cela. Promotor: M.C.M.G. |
| 1197/2022 | 30-06-2022 | Multas de tráfico - 9950000026141 Acordo de inicio |
| 1198/2022 | 30-06-2022 | Resolución de cesamento de J.R.G.P. por finalización de programa temporal |
| 1199/2022 | 30-06-2022 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 12.629,98 euros |
| 1200/2022 | 30-06-2022 | Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 1 de xullo de 2022 |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|---|
| 1201/2022 | 30-06-2022 | Aprobación das condicións de participación na Feira de Oportunidades do Concello de Cambre a organizar en colaboración coa Deputación da Coruña |
|-----------|------------|---|

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo